



CONCELLO DE PONTECESURES (PONTEVEDRA)

MARÍA TRINIDAD RODRÍGUEZ SUÁREZ, SECRETARIA DO CONCELLO DE PONTECESURES

CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación deste Concello, na sesión celebrada o día 17 de febreiro de 2020, adoptou, entre outros, o seguinte ACORDO:

1.- Aprobar o expediente con todas as actuacións iniciais levadas a cabo, para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado con multiplicidade de criterios de adxudicación, das obras de “*Mellora da Mobilidade e a Seguranza Viaria nas Rúas do Castro e Infesta, Pontecesures*”, convocando a súa licitación.

2.- Aprobar o gasto correspondente:

Exercicio	Aplicación orzamentaria	Importe (sen IVE)	IVE	Total (presuposto base de licitación)
2020	1532.619	218.365,00 €	45.856,65 €	264.221,65 €

O contrato abonarase con cargo ás aplicacións orzamentarias do orzamento municipal en vigor 1532.619 referida.

3.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que xunto co Proxecto de Execución das obras, que constitúe o Prego de Prescricións Técnicas, aprobado polo Pleno da Corporación o 27 de xaneiro de 2020, rexeran o contrato.

4.- Publicar o anuncio de licitación no Perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da LCSP.

5.- Publicar no Perfil de contratante a información e documentación establecida no artigo 63.3 da LCSP, en particular o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, o Proxecto Técnico das obras, a Memoria xustificativa do contrato e xustificativa e o acordo de aprobación do expediente. A documentación necesaria para a presentación das ofertas por parte dos licitadores estará dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.

6.- Designar aos membros da Mesa de Contratación e publicar a súa composición no Perfil de contratante:





CONCELLO DE PONTECESURES (PONTEVEDRA)

-Presidente: O Alcalde-Presidente do Concello, D. Juan Manuel Vidal Seage, ou persoa que legalmente lle substitúa.

-Vogais:

A Secretaria-Interventora da Corporación, D^a. María Trindad Rodríguez Suárez, ou persoa que legalmente lle substitúa;

O Arquitecto municipal, D. Carlos Besada Ferreiro, e como suplente outro técnico designado pola Alcaldía;

-Secretario: D. Ricardo Campos Saborido, funcionario de carreira do Concello, e como suplente outro funcionario de carreira designado pola Alcaldía.

7.- Delegar na Xunta de Goberno Local as competencias como órgano de contratación respecto de todos cantos actos e trámites sexan pertinentes e necesarios para a continuación da tramitación do procedemento licitatorio que se convoca, e demais trámites durante a vixencia do contrato, ata a súa finalización.

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, Juan Manuel Vidal Seage, en Pontecesures, a dezasete de febreiro de dous mil vinte.

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

